



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO INCREMENTO DE CRÉDITO PARA A SUBVENCIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, PARA A COMERCIALIZACIÓN E DIFUSIÓN DE PROXECTOS E OBRAS AUDIOVISUAIS E VIDEOXOGOS EN FOROS DE NEGOCIO ESPECIALIZADOS E EVENTOS DE CINEMA, E CONVÓCANSE PARA O ANO 2023 (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO CT404D)

Con data 12 de xaneiro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia número 8 a Resolución do 21 de decembro de 2022 pola que se aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, para a comercialización e difusión de proxectos e obras audiovisuais e videoxogos en foros de negocio especializados e eventos de cinema, e convócanse para o ano 2023 (código de procedemento CT404D).

As bases da convocatoria prevén un importe global máximo para o financiamento desta liña de axuda de 50.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.470.0 dos orzamentos da Agadic para 2023 no código de proxecto 2015 00003.

Así mesmo, a base sexta punto 4 establece que *“o importe previsto nesta convocatoria ser incrementado ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia, e tras declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver”*.

Nos orzamentos do ano 2023 existen remanentes de crédito suficientes correspondentes ás minoracións e/ou renuncias de subvencións concedidas noutras liñas de axuda da Agadic na mesma aplicación e código de proxecto que a que financia esta actuación.

Esta circunstancia permite propor a ampliación do crédito inicial coa finalidade de atender todas as solicitudes presentadas que cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e outorgar a axuda correspondente.



En atención ao exposto, realizarase a tramitación correspondente para o incrementar o crédito destinado ao expediente de referencia con cargo á aplicación 10.A1.432B.470.0 do código de proxecto 2015 00003 por un importe de 27.400 euros, distribuídos da seguinte forma: 4.700 euros para a modalidade A e 22.700 euros para a modalidade B.
Esta ampliación de crédito será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,
Jacobo Sutil Nesta
Director
Axencia Galega das Industrias Culturais

